



CIRCULAR INFORMATIVA SOBRE A INCORPORACIÓN AO PROGRAMA “CONECTA CON GALICIA 2013” (ACTIVIDADES DE CAMPAMENTOS)

1-12 xullo e 15-26 de xullo

1.- Información xeral.

A actividade “**Conecta con Galicia**”, busca proporcionar aos mozos e mozas de fóra de Galicia un mellor coñecemento da nosa terra a través dunha actividade **xuvenil** itinerante en dúas quendas, do 1 ao 12 de xullo e do 15 ao 26 do mesmo mes. En ámbolos dous casos os participantes residirán en dúas instalacións, seis días na zona de costa e outros seis na zona de interior, permanecendo en albergues ou residencias, en habitacións compartidas, en ambos casos.

Na zona de costa desenvolverase o programa denominado “O mar de Galicia” desenvolvendo actividades relacionadas co mar e co medio mariño en Galicia.

Na zona de interior desenvolverase o programa “Cultura e camiño” con actividades dirixidas ao coñecemento do patrimonio histórico monumental do interior de Galicia e ao percorrido de etapas do camiño de Santiago. Así, na primeira quenda as actividades dirixidas ao coñecemento do patrimonio histórico e monumental, desenvolveranse maioritariamente na provincia de Lugo e as etapas a percorrer serán as últimas do Camiño de Santiago Francés, mentres que na segunda quenda as actividades serán na provincia de Ourense e as etapas a percorrer as últimas do Camiño de Santiago Sanabrés. **En ámbolos dous casos os participantes poderán recibir, a súa chegada a “Compostela”, a acreditación “ Compostela”, que se consegue se se percorren cando menos 100 Km. do camiño de Santiago.**

A descrición pormenorizada das etapas do Camiño Francés a percorrer, así como as recomendacións sobre o material e equipamento necesarios pódense atopar en https://emigracion.xunta.es/files/linas-axuda/2013/03/20540_etapas-camino-frances-santiago-compostelapdf.pdf Así mesmo a correspondente información sobre o **Camiño Sanabrés** atópase en https://emigracion.xunta.es/files/linas-axuda/2013/03/20540_etapas-camino-sanabres-santiago-compostelapdf.pdf

Os albergues e residencias nos que está previsto residir serán o “Lug 2” e “Gandarío” na primeira quenda, e “López Cuevillas” e “Gandarío” na segunda quenda. “Lug 2” está situado na cidade de Lugo, “López Cuevillas” na cidade de Ourense e “Gandarío” na costa da provincia da Coruña nas inmediacións do golfo Artabro.

Realizaranse ademais actividades complementarias acordes coa instalación na que se atopen residindo en cada momento (náuticas, de natureza, distintos deportes e xogos, marcha, praia, etc.).

Tendo en conta que en cada campamento convivirán distintas persoas de distintos países e culturas, é de grande interese que os participantes traian a Galicia algunhas cousas ou



informacións representativas dos seus países de orixe que poidan ser utilizadas en actividades interculturais. Por exemplo, poden traer algúns folletos turísticos, de información cultural, lendas tradicionais, xogos típicos, músicas, ou algún produto non perecedeiro propio do país.

Este ano preveese que participarán no programa 160 mozos e mozas das comunidades galegas no exterior procedentes de Arxentina, Brasil, Cuba, Uruguai, Venezuela e outros países de América que compartirán as actividades con outros 80 rapaces e rapazas residentes en Galicia.

Precisamente a convivencia entre mozos e mozas de tan variadas procedencias demanda a mellor disposición de todos para o respecto e a integración cordial

2.- Réxime interno.

Os mozos e mozas, a súa chegada a Galicia, dividiranse en grupos tendo en conta as prazas asignadas pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia á Secretaría Xeral da Emigración en cada actividade, e tamén segundo os tramos de idade dos participantes. Cada un destes grupos rotará por dúas instalacións en diferentes provincias galegas e permanecerán seis días consecutivos en cada unha delas. Na instalación inicial os mozos integraranse con outros procedentes de comunidades galegas do exterior de outros países e tamén con mozos residentes en Galicia, cos que convivirán durante os 12 días que dura o programa.

Os equipos de monitores para “Cultura e Camiño” e para “O mar de Galicia” están especializados na organización de actividades de tempo libre e as instalacións contan con persoal sanitario 24 horas ao día.

As actividades e instalacións funcionan cun réxime interno, necesario tanto para o correcto desenvolvemento da convivencia, como dos programas de actividades previstos. Polo tanto, os participantes no programa procedentes do exterior incorporaranse ás actividades co mesmo réxime interno que o resto dos mozos de Galicia e doutras comunidades autónomas de España si os houbera, e que será o fixado polo equipo directivo de cada instalación ou rota. Non obstante, con carácter xeral, debe coñecerse que:

Xa que imos convivir durante uns días e tendo en conta que somos un grupo e temos que funcionar como tal, queremos que todos e todas (participantes e equipo técnico) teñades claras algunhas cousas, para que a actividade se desenvolva do mellor xeito posible:

1. Participamos dun programa financiado con cartos públicos, polo que temos a responsabilidade de participar nas actividades previstas e ser puntuais.



2. As indicacións do equipo técnico non son arbitrarias nin pretenden tratarvos como nenos, senón que son necesarias para o manexo dun grupo, polo que teremos que atendelas.
3. Compartiremos as instalacións con máis xente, así que é importante que todos e todas as respectemos e as manteñamos en orden. Igualmente coidaremos as instalacións exteriores, procurando mantelas limpas.
4. Agás en casos de forza maior, non utilizaremos teléfonos móbiles nos momentos de actividade, xa que distraen e dificultan o normal desenvolvemento da mesma.
5. Pola nosa propia seguridade temos que respectar as decisións do persoal sanitario, entendendo que buscan o noso ben e non amargarnos as vacacións. Polos mesmos motivos, entendemos que un campamento non é o lugar para realizar piercings, tatuaxes ou prácticas con risco para a saúde.
6. Para nós a saúde é importante, así que prescindiremos do consumo de alcohol e tabaco nas instalacións e durante a actividade. Igualmente, os participantes deben levar unha alimentación adecuada, polo que os monitores garantirán que todo o mundo come e evitarán a introdución de comidas elaboradas nas instalacións.
7. Esperamos de todos os participantes manifesten comportamentos que promovan a convivencia, tendo en conta que os comportamentos contrarios a esta (agresións, insultos, roubos, posesión de bebidas alcohólicas, etc.) poden ser sancionados incluso coa expulsión.
8. Nin a organización nin a Dirección Xeral de Xuventude faranse cargo do roubo dos efectos persoais dos participantes, polo que é aconsellable non levar obxectos de valor (teléfonos, cartos, xoias, cámaras fotográficas dixitais, etc.), ou en todo caso, facerse responsable deles.
9. Non se prevé a realización de saídas nocturnas debido ao ritmo intenso da actividade. En caso de que se optase por algún cambio neste sentido, a decisión corresponderá ao equipo de monitores/as, cando o grupo responda adecuadamente e sempre establecendo unhas normas que deberán ser respectadas.
10. As visitas de familiares durante as actividades só se poderán producir no albergue ou residencia e durante os tempos libres, previa autorización da directora da actividade.



3.- OUTRAS RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA OS PARTICIPANTES.

3.1.- **Deberán ter especial coidado coas súas pasaxes de avión mentres estean no seu poder, e cos seus pasaportes e documentación persoal**, da que sería conveniente que trouxeran tamén unha fotocopia. Sempre terán a posibilidade de deixar a súa documentación e o diñeiro que non necesiten utilizar, baixo o coidado do equipo directivo do campamento.

3.2.- Con respecto o diñeiro *de peto (bolsillo)* que poidan traer os mozos, lémbrese que durante a súa estadía nos distintas instalacións non necesitan realizar gastos, polo que só deberán traer UNHA PEQUENA CANTIDADE, axustada á súa idade, para os gastos menores de carácter persoal e extras que poidan producirse durante a súa estadía.

3.3.- Durante os 12 días que dura o programa, non poderán abandonar as actividades para facer visitas aos seus familiares en Galicia. Terán, se é o caso, a posibilidade de visitalos cando remate o programa.

3.4.- Debido á realización de actividades e as saídas programadas, as horas máis axeitadas para a recepción de chamadas urxentes serán das 21:00 ás 23:00 horas (horario de España).

4.- Material e equipamento recomendable.

Os participantes deben traer unicamente a equipaxe axustada as datas nas que estarán en Galicia.

No caso de que se quedasen en Galicia a o remate das actividades (retornos 2 ou 3), sería conveniente que os rapaces trouxeran dúas equipaxes diferenciados: un para o tempo das actividades do programa, máis reducido e cómodo, fácil de transportar ; e outro, para o resto da súa estadía en Galicia cos seus familiares.

Equipamento básico para as actividades:

Como equipamento necesario deben incluír roupa e calzado adecuados para camiñar e para o clima de Galicia:

- **As Botas:** Este é o elemento ao que mais atención debemos de prestar. Debe ser usado, xa que o novo produce rozaduras. Recoméndase as botas de trekking, aínda que algúns camiñantes prefiren os de tipo tenis que non protexen os nocellos e no caso de chuvias e barro poden poñer en apuros. En todo caso non deben ser de loneta nin dun modelo de dous dedos que parece estar de moda.
- **Protección solar:** alta.
- **A roupa:** Dúas mudas para andar e outra para despois da ducha é suficiente.
 - As camisetas deben ser de manga curta (non de tiras porque a mochila produce rozaduras) En épocas de calor as camisetas térmicas de verán son mellor que as clásicas camisetas de algodón pois son moi lixeiras, transpirables e non reteñen humidade.



- Un pantalón, preferentemente corto (ata media perna, non tipo short nin bañador).
- Un polar, xersei ou cazadora delgada xa que ás noites refresca.
- **Chubasqueiro.** A Xunta de Galicia entregará un a cada participante.
- **Calcetíns** de algodón ou doutras fibras, que se axusten ben ao pé, pero non finos.
- **Mochila.** A Xunta de Galicia entregará unha mochila de bandeleta.
- **Sombreiro ou gorra:** Necesario para protexerse do sol. A Xunta de Galicia entregará unha gorra con viseira.
- **Material adicional:** Unha pequena lanterna (a Xunta de Galicia fornecerá dunha) para movernos de noite no albergue, panos de papel, tapóns para as orellas para quen o crea conveniente, deterxente para lavar a roupa, pinzas para tendela, reloxo con función de despertador.
- **Outros:** outro calzado de descanso, toallas, chancletas para ducha, vestimenta deportiva e traxe de baño , gorro de piscina, útiles de aseo, bolígrafo e caderno, tiritas para algunha rozadura, etc.

Recoméndase traer na equipaxe de man unha muda de roupa en previsión de posibles atrasos na recepción das maletas ao chegar a Galicia.

5.- Cobertura sanitaria

Todos os participantes neste programa teñen cobertura sanitaria de urxencia durante o desenvolvemento da actividade, a través dun convenio específico acordado entre a Secretaría Xeral da Emigración e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia ou ben a traveso da tarxeta sanitaria Galicia Saúde Exterior para aqueles que a teñan expedida.

6.- Permanencia en Galicia ao rematar as actividades do programa.

O tempo de duración das actividades é básica para a integración con outros mozos e mozas de distinta procedencia e para o coñecemento xeral de Galicia.

A experiencia pode completarse, para aqueles que teñen familia en Galicia, mediante a prolongación da súa estadía para pasar uns días de encontro e convivencia cos seus familiares.

Lembramos que todos os participantes que teñan previsto o seu regreso tan pronto como remate a actividade deberon facelo constar expresamente no apartado correspondente do Anexo B da solicitude ou previa petición nas datas sinaladas, a secretaría tomará as medidas oportunas para asegurar o regreso ao seu lugar de residencia, acompañando aos mozos ata a súa saída en avión desde Galicia.

Pola mesma razón, os mozos participantes que teñan previsto permanecer cos seus familiares en Galicia, unha vez rematada a actividade, deberon así mesmo indicalo no apartado correspondente do ANEXO B da solicitude ou previa petición por escrito, optando por unha quenda de regreso, en todo caso orientativa, xa que a data definitiva de regreso márcaa a compañía aérea encargada das viaxes para cada país.



Os pais ou titores legais de todos os mozos menores de idade que teñan previsto permanecer en Galicia ao rematar o programa, deberán cubrir en todos os seus apartados e asinar a autorización para quedarse en Galicia cos familiares indicados no ANEXO B da solicitude.

A recollida dos mozos e mozas menores de idade polos seus familiares autorizados, terá lugar **na instalación final** que lles corresponda á súa quenda, obrigatoriamente entre as 9:00 e 11:00 horas do día en que remata a actividade da actividade (12 de xullo ou 26 de xullo, dependendo da quenda na que participen).

Estes familiares serán os que poidan retirar ao mozo ao finalizar a actividade acreditándose co seu documento de identidade na instalación final correspondente. Para suplir na recollida á persoa autorizada para recoller ao participante, o substituto debe presentar, ademais do seu documento nacional de identidade, a fotocopia do documento nacional de identidade, da persoa autorizada.

Os mozos e mozas maiores de idade poderán abandonar as instalacións, nas datas e horas previstas, sen máis trámite.

As datas de retorno aos seus países fixadas polos mozos e seus pais segundo a súa petición, unha vez acordadas coa Secretaría Xeral da Emigración e coa Axencia de Viaxes, **SON INAMOVIBLES**.

As pasaxes de avión son pechadas polo que os mozos deberán tomar o voo de retorno ao seu país no mesmo aeroporto ao que chegaron, é dicir, no que figura nas súas pasaxes. Non poderán, por exemplo, abordar o avión directamente en Madrid se na súa pasaxe figura que deberán facelo en Santiago de Compostela.

7.-Cobertura sanitaria dos participantes que se quedan en Galicia ao finalizar a actividade de campamento.

1.- O dereito á asistencia sanitaria destes mozos e mozas mantense durante un período máximo de 3 MESES a contar desde o día en que chegaron a España, pero coas seguintes limitacións:

1.- Só asistencia sanitaria de URXENCIA e sen dereito ás medicinas que poidan necesitar fóra do hospital.

2.- Só asistencia sanitaria en territorio do SERGAS (Servizo Galego de Saúde), é dicir, **só en Galicia**, non no resto de España.

Os mozos e mozas que pensen permanecer máis tempo en España, unha vez rematada a súa estadía nas actividades, deberán valorar a conveniencia de realizar un seguro privado de atención sanitaria.

2.- Aqueles beneficiarios que teñan expedida **tarxeta sanitaria** para os galegos residentes no exterior, poderán facer uso dela durante a súa estancia en Galicia e acceder a asistencia sanitaria prestada polo sistema público de saúde da Comunidade.